

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA**  
**LENGUA CASTELLANA Y LITERATURA**

**CURSO 2021-2022**

**CPI CERNADAS DE CASTRO**

**LOUSAME**

## ÍNDICE

1.- Introducción e contextualización	4
1.1.- Referencia ao PEC	4
1.2.- Composición do departamento	6
1.3.- Marco normativo	6
2.- Obxectivos da etapa.	7
3.- Previsión do desenvolvemento da programación nos escenarios de actividade lectiva presencial, semipresencial e/ou no presencial:	9
- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.	9
- Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.	10
- Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado	10
4.- Contribución ao desenvolvemento das competencias clave.	11
4.1.- Perfil competencial do alumnado.	
5.- Desenvolvemento do currículo: concreción de obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, temporalización, procedementos e instrumentos de avaliación, grao mínimo de consecución para aprobar.	17
1º ESO	18
2º ESO	31
3º ESO	50
4º ESO	80
Distribución progresiva para a ESO dos contidos da materia para a ESO	121
Concreción dos contidos mínimos na ESO	122
Lecturas obrigatorias para a ESO	123
6- Concrecións metodolóxicas: currículo integrado.	123
6.1.- Plan integrado de linguas	
7.- Criterios de avaliación, cualificación e promoción do alumnado.	130
7.1 Procedementos e instrumentos de avaliación.	130

7.2 Criterios de avaliación e cualificación.	131
7.3 Rúbricas	135
7.4 Avaliación inicial. Medidas a adoptar.	139
7.5 Criterios de promoción.	140
8.- Seguimento, recuperación e avaliación do alumnado coa mataría pendente.	140
9.- Medidas de atención a diversidade.	141
10.- Concreción dos elementos transversais.	145
11.- Materiais e recursos didácticos.	147
12.- Actividades complementarias e extraescolares.	147
13.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a e práctica docente.	148
14.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.	149
15- Accións de contribución ao Plan TIC do centro.	150
16.- Accións de contribución ao Proxecto Lector e Proxecto Lingüístico do centro.	152

## **1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN.**

### **1.1. REFERENCIA AO PEC.**

A elaboración da programación didáctica para a ESO no noso centro nace condicionada pola análise sociolingüística que se realizou para a elaboración do noso PEC. Ademais, tomaremos como punto de partida fundamental o traballo ata o de agora desenvolvido na educación primaria, co fin de garantir a maior continuidade e coherencia posibles no paso dunha etapa á outra. Así mesmo, á hora de programar o segundo ciclo, terase en conta o traballo desenvolvido no primeiro ciclo o curso anterior. Para iso faremos avaliacións iniciais en todos os cursos, de xeito que se fagan as adaptacións do currículo o máis axeitadas posible á realidade física, humana e académica dos mozos/as do centro.

Polo demais, teremos en conta outros aspectos importantes que esixen a atención á diversidade, como: a) a presenza de alumnos con necesidades educativas especiais; b) claros desniveis formativos en cuestións básicas como a lectura, a escrita ou a comprensión; c) a presenza de alumnos repetidores...

#### **O contorno do centro e o medio sociocultural.**

Toda programación debe adecuarse a un contexto social, cultural e xeográfico. O Colexio Público Integrado “Cernadas de Castro” está situado no Concello de Lousame, no lugar da Silva.

É un municipio de 93,2 quilómetros cadrados, situado no interior da ría de Muros e Noia, con 3.429 habitantes (censo do ano 2016), o que lle dá unha densidade de 49,5 habitantes por quilómetro cadrado distribuídos en 83 entidades de poboación. Esa poboación distribúese polos vales fluviais, sen ningunha aglomeración urbana importante, constituíndo o concello menos habitado entre os que ocupan a península do Barbanza.

Consta de 7 parroquias: Camboño, Lousame, Fruíme, Lesende, Tállara, San Xusto de Toxosoutos e Vilanova.

Todos estes datos fan do CPI Cernadas de Castro un centro educativo de carácter marcadamente rural, onde a dependencia do servizo de autobuses por parte do alumnado é case do 100%.

Preto do 60% da poboación activa masculina ten como ocupación laboral algún traballo relacionado co sector secundario (industria). No entanto, mantense unha relativa actividade relacionada coa economía de complemento (non remunerada e levada a cabo, sobre todo, polas mulleres e demais familiares): traballo das terras e coidado dos animais.

O nivel sociocultural é medio. O Concello de Lousame conta cos departamentos de Cultura, Xuventude e Deporte; o edificio da Casa da Cultura “Santeiro de Chave” alberga a biblioteca municipal, un salón de actos, unha aula de informática e a aula de Educación de Adultos. Dende ela organízanse os obradoiros que xiran en torno ó nadal, o entroido, o Día das Letras Galegas,... Entre as súas actividades destacan o teatro, a proxección de filmes, exposicións, actividades para a xuventude, cursos de informática,...

En canto ó terreo deportivo, este concello conta coas seguintes instalacións : 1 pavillón cuberto e outro semicuberto, 7 pistas polideportivas, a piscina municipal e 3 campos de fútbol.

O alumnado do noso centro provén na súa maioría do propio concello, agás un 25% que procede do Concello de Noia.

A situación social do alumnado é moi equilibrada. Non hai casos extremos de marxinação social, nin alumnos doutras etnias, nin problemas de drogodependencia, nin alumnos baixo o sistema de protección de menores, nin alumnos de familias desarraigadas... Algúns casos puntuais de alumnos con algún tipo de carencia económica ou de problemática familiar específica (alcoholismo...), que xorden cada certo tempo, son tratados, despois dunha previa análise, informada polo Departamento de Orientación do centro, polos servizos sociais do concello (a educadora familiar e a traballadora social).

Constátase o incremento de alumnado estranxeiro procedente de países hispanoamericanos.

En canto ó idioma, a maioría do alumnado ten como lingua materna o galego e considera que esa é a lingua na que mellor se desenvolve. No referente ó ámbito educativo, a nosa materia “Lingua castelá e Literatura” impartirase exclusivamente en español, e esixiráselle ós alumnos que o falen na clase.

### **1.2 COMPOSICIÓN DO DEPARTAMENTO:**

No actual curso académico 2018-2019 o Departamento de Lingua castelá e Literatura está formado por dona María Josefa Lojo abeijón, Xefa do Departamento, impartirá clase de Lingua castelá e Literatura en 1º (A e B), 3º (A e B) e 4º da ESO; tendo unha carga docente de 17 horas semanais, mais a xefatura de departamento e a titoría de 3º A; e por María Jesús Rodríguez Rey, profesora de Francés do centro, que impartirá clases en 2º A e B ESO (6 horas semanais)

### **1.3. MARCO NORMATIVO.**

As referencias normativas que constituirán os alicerces da presente programación didáctica son:

- Orde do 6 de outubro de 1995, pola que se regulan as adaptacións do currículo nas ensinanzas de réxime xeral.
- Decreto 324/1996, de 26 de xullo, polo que se aproba o Regulamento orgánico dos institutos de educación secundaria.
- Decreto 7/1999, de 7 de xaneiro, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Orde de 3 de outubro de 2000, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento do Decreto 7/1999, polo que se implantan e regulan os centros públicos integrados de ensinanzas non universitarias.
- Decreto 85/2007, de 12 de abril, polo que se crea e se regula o Observatorio Galego de Convivencia Escolar.

- Orde de 30 de xullo de 2007, pola que se regulan os programas de diversificación curricular na educación secundaria obrigatoria.
- Orde do 6 de setembro de 2007, pola que se desenvolve a implantación da educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 21 de decembro de 2007, polo que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Orde de 23 de xuño de 2008, que modifica a de 21 de decembro do 2007, pola que se regula a avaliación na educación secundaria obrigatoria na Comunidade Autónoma de Galicia.
- Circular 8/2009, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan algunhas medidas de atención á diversidade.
- Decreto 79/2010, de 20 de maio, para o plurilingüismo no ensino non universitario de Galicia.
- Lei 4/2011, de convivencia e participación.
- Decreto 229/2011, de 7 de Decembro, polo que se regula a atención á diversidade do alumnado dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia nos que se imparten as ensinanzas establecidas na Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación.
- **Recomendación 2006/962/EC**, do 18 de decembro de 2006 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre as competencias clave para a aprendizaxe permanente.
- **Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro**, para a mellora da calidade educativa (LOMCE).
- **Real decreto 1105/2014, do 26 de decembro**, polo que se establece o currículo básico da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato.
- **Decreto 86/2015, do 25 de xuño**, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

## 2.- OBXECTIVOS DA ETAPA

A educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver nos alumnos e nas alumnas as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia e respectar as diferenzas de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.



- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento na lectura e no estudo da literatura.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer as mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar críticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo a súa conservación e a súa mellora.
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
- p) Coñecer e valorar a importancia do uso do noso idioma como elemento fundamental para o mantemento da nosa identidade, e como medio de relación

interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que nos comunica con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

### **3.- PREVISIÓN DO DESENVOLVEMENTO DA PROGRAMACIÓN NOS ESCENARIOS DE ACTIVIDADE LECTIVA PRESENCIAL, SEMPREENCIAL E/OU NO PRESENCIAL:**

Debido ás circunstancias excepcionais que estamos a vivir, faise preciso perfilar unha serie de posibilidades de ensino que aseguren a ensinanza ao conxunto do alumnado. A metodoloxía empregada nas aulas xa está desenvolvida no apartado 8 desta programación: *Concrecións metodolóxicas da materia*.

#### **3.1.- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.**

No caso de ensino a distancia a metodoloxía centrarase na consecución das competencias básicas, sobre todo as relacionadas coa materia e que se poden concretar en catro: comprensión e expresión orais e escritas. Para iso o traballo a desenvolver será sobre todo práctico, baseado na elaboración de pequenos traballos de expresión e comprensión que irán realizando os alumnos semanalmente. A distribución semanal está pensada para favorecer a conexión a Internet do alumnado sen que estea condicionado a facelo a unha hora determinada. Con todo, isto non significa que puntualmente podíamos organizar alguna reunión Online a través de Webex ou doutra plataforma, sobre todo para aclarar dúbidas que poidan ir xurdindo.

Como recurso principal empregaremos a Aula Virtual do Centro, de xeito que os alumnos non se perdan á hora de seguir o proceso de ensino. De todos modos, puntualmente e, sobre todo con 3º e 4º de ESO, poderase empregar o correo electrónico sempre que se considere necesario.

#### **3.2.- Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática.**

Foi elaborado polo centro un listado de necesidades para solventar problemas de conectividade que poida ter o alumnado, de maneira que todos teñan acceso a Internet. Por outra parte, nas primeiras semanas de curso daraselle a cada alumno un correo

electrónico e unhas clases formativas para que poidan traballar coa aula virtual do centro.

A comunicación coas familias é constante tamén a través de Abalar e, como non, da páxina Web do centro e do teléfono.

Se, con todo, algún alumno non puidera acceder ao ensino telemático, ten unha copia do caderniño que empregamos en papel, e as tarefas facilitaríanselle a través do teléfono ou, de darse algún caso extremo, a través de Servizos Sociais do Concello de Lousame.

### **3.3.- Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado**

Todos os alumnos do centro teñen o material básico de traballo nun caderniño que lles foi entregado en man, en Internet no blogue <http://barcodebabel.blogspot.com> e nun lápiz de memoria. Deste xeito asegurámonos de que, de darse a necesidade dun confinamento total ou parcial, poden acceder ao material de estudo. No caso de 1º e 2º no caderniño teñen exercicios; no caso de 3º e 4º non, pois debido á amplitude da materia, á necesidade de adaptala ás características do grupo, á preferencia polo traballo competencial, e á idade dos rapaces, optamos por irles proporcionando este material paulatinamente.

De darse a circunstancia de ter que levar a cabo un confinamento e de que algún alumno non poida acceder a Internet (algo pouco probable pois xa se comprobou que todos teñen acceso) daríase o material en papel: ben sexa a través dun caderniño, de fotocopias ou dun libro de texto adecuado ao seu nivel (ver punto anterior).

## **4.- CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE**

Competencias clave: No Decreto da Lomce, defínense como Competencias as “capacidades para aplicar de xeito integrado os contidos propios de cada ensinanza e etapa educativa, co fin de lograr a realización adecuada de actividades e a resolución eficaz de problemas complexos”. A aprendizaxe baseada en competencias caracterízase pola súa transversalidade, o seu dinamismo e o seu carácter integral. O proceso de ensino e aprendizaxe competencial débese abordar desde todas as materias de

coñecemento e por parte das diversas instancias que conforman a comunidade educativa, tanto nos ámbitos formais como nos non formais e informais; o seu dinamismo reflíctese en que as competencias non se adquiren nun determinado momento e permanecen inalterables, senón que implican un proceso de desenvolvemento mediante o cal os individuos van adquirindo maiores niveis de desempeño no seu uso. As Competencias Clave establecidas serían as seguintes:

1. Comunicación lingüística (CCL).
2. Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía (CMCCT).
3. Competencia dixital (CD).
4. Aprender a aprender (CAA).
5. Competencias sociais e cívicas (CSC)
6. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor (CSIEE).
7. Conciencia e expresións culturais (CCEC).

Sínálase no Decreto que se potenciará o desenvolvemento da competencia de comunicación lingüística, da competencia matemática e das competencias básicas en ciencia e tecnoloxía. Para unha adquisición eficaz das competencias e a súa integración efectiva no currículo, deberán deseñarse actividades de aprendizaxe integradas que lle permitan ao alumnado avanzar cara aos resultados de aprendizaxe en máis dunha competencia ao mesmo tempo. As concrecións curriculares para os distintos bloques de materias constrúense a partir dos criterios de avaliación, ligándoos cos demais compoñentes de cada materia. Os criterios de avaliación relaciónanse directamente cos estándares de aprendizaxe, que non son máis que concrecións dos propios criterios, e eses estándares conéctanse coas competencias clave. Polo tanto, os estándares de aprendizaxe avaliados permiten definir os resultados de aprendizaxe e concretan o que o alumnado debe saber, comprender e saber facer en cada disciplina. Deben ser observables, medibles e avaliados, e permitir graduar o rendemento ou o logro alcanzado. Deben contribuír a facilitar o deseño de probas estandarizadas e comparables.

A relación dos estándares de aprendizaxe avaliados que forman parte dos perfís competenciais pode verse no apartado 7.

#### **4.1.- PERFIL COMPETENCIAL DO ALUMNADO PARA A ESO**

##### **1º ESO: PERFIL COMPETENCIAL DO ALUMNADO.**

Competencia Clave	Materia	Estándares prioritarios
CAA	LCL	LCLB3.5.1 - Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensións sobre libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora As competencias que posúe como persoa plurilingüe.
CAA	LCL	LCLB3.7.1 - Utiliza os coñecementos lingüísticos de ámbito contextual, textual, oracional e da palabra, desenvolvidos no curso nunha das linguas, para mellorar a comprensión e produción dos textos traballados en calquera das outras.
CCEC	LCL	LCLB4.1.1 - Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.
CCEC	LCL	LCLB4.2.1 - Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos compañeiros e coas compañeiras.
CD	LCL	LCLB2.2.2 - Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital.
CD	LCL	LCLB2.2.3 - Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.
CL	LCL	LCLB1.4.1 - Realiza presentacións orais.
CL	LCL	LCLB2.1.1 - Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as relacións entre elas.
CL	LCL	LCLB2.1.2 - Entende instrucións escritas de certa complexidade que lle permiten desenvolverse en situacións da vida cotiá e nos procesos de aprendizaxe.
CL	LCL	LCLB2.4.1 - Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou educativo e social, mitando textos modelo.
CL	LCL	LCLB2.4.2 - Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.
CL	LCL	LCLB3.1.1 - Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.
CL	LCL	LCLB3.1.2 - Recoñece e corrixе erros ortográficos e gramaticais en textos propios e alleos, Aplicando os coñecementos adquiridos para mellorar a produción de textos nas súas producións orais, escritas e audiovisuais.
CL	LCL	LCLB3.1.3 - Coñece e utiliza adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.
CL	LCL	LCLB4.1.1 - Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos, ás súas afeccións e aos seus intereses.
CSC	LCL	1º-LCLB1.1.1 - Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.
CSC	LCL	1º-LCLB3.6.1 - Coñece e valora a diversidade lingüística do seu grupo, do centro docente e do Seu ámbito social próximo.
CSIEE	LCL	LCLB1.2.1 - Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.

**2º ESO: PERFIL COMPETENCIAL DO ALUMNADO.**

Competencia Clave	Materia	Estándares prioritarios
CAA	LCL	2º-LCLB1.2.3 - Utiliza progresivamente os instrumentos adecuados para localizar o significado de palabras ou enunciados descoñecidos (demanda axuda, procura en dicionarios, lembra o contexto en que aparece, etc.).
CAA	LCL	2º-LCLB1.4.3 - Recoñece os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.
CCEC	LCL	2º-LCLB4.2.1 - Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación entre diversas manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).
CCL	LCL	2º-LCLB1.2.1 - Comprende o sentido global de textos orais de intención narrativa, descritiva, instrutiva, expositiva e argumentativa, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante, así como a súa estrutura e as estratexias de cohesión textual oral.
CCL	LCL	2º-LCLB2.1.2 - Comprende o significado das palabras propias de nivel formal da lingua e incorpóraas ao seu repertorio léxico.
CCL	LCL	2º-LCLB2.1.4 - Deduce a idea principal dun texto e recoñece as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.
CCL	LCL	2º-LCLB2.2.1 - Localiza, relaciona e secuencia informacións explícitas e implícitas nun texto, e deduce informacións ou valoracións implícitas.
CCL	LCL	2º-LCLB2.4.2 - Escribe textos usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
CCL	LCL	2º-LCLB3.5.1 - Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), e valora a súa función na organización do contido do texto.
CD	LCL	2º-LCLB2.3.1 - Utiliza de xeito autónomo diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.
CD	LCL	2º-LCLB2.3.2 - Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.
CSC	LCL	2º-LCLB1.6.2 - Respecta as normas de cortesía que deben dirixir as conversas orais axustándose á quenda de palabra, respectando o espazo, xesticulando adecuadamente, escoitando activamente as demais persoas e usando fórmulas de saúdo e despedida.

### 3º ESO: PERFIL COMPETENCIAL DO ALUMNADO

Competencia Clave	Materia	Estándares prioritarios
CAA	LCL	LCLB2.5.2 - Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas e estrutura) ou a forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación), e avalía a súa propia produción escrita ou a dos seus compañeiros e das súas compañeiras.
CCEC	LCL	LCLB4.5.2 - Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o man-temento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.
CCL	LCL	LCLB1.5.2 - Organiza o contido e elabora guións previos á intervención oral formal, seleccionando a idea central e o momento en que vai ser presentada ao seu auditorio, así como as ideas secundarias e os exemplos que van apoiar o seu desenvolvemento.
CCL	LCL	LCLB1.5.3 - Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.
CCL	LCL	LCLB2.6.2 - Utiliza variados organizadores textuais nas exposicións e nas argumentacións
CCL	LCL	LCLB2.7.2 - Utiliza nos seus escritos palabras propias do nivel formal da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñece a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse oralmente e por escrito con exactitude e precisión.
CCL	LCL	LCLB3.1.1 - Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.
CCL	LCL	LCLB3.5.1 - Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto.
CCL	LCL	LCLB4.5.1 - Le e comprende unha selección de textos literarios, en versión orixinal ou adaptados, e representativos da literatura da Idade Media ao Século de Ouro, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.
CCL	LCL	LCLB4.7.1 - Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias estudadas, expresándose con rigor, claridade e coherencia.
CD	LCL	LCLB2.7.4 - Coñece e utiliza ferramentas das tecnoloxías da información e da comunicación, participando, intercambiando opinións, comentando e valorando escritos alleos, ou escribindo e dando a coñecer os seus propios.
CMCT	LCL	LCLB2.7.1 - Produce textos diversos recoñecendo na escritura o instrumento que é capaz de organizar o seu pensamento.
CSC	LCL	LCLB1.6.1 - Participa activamente en debates e coloquios escolares respectando as regras de interacción, intervención e cortesía que os regulan, manifestando as súas opinións e respectando as opinións das demais persoas
CSC	LCL	LCLB4.4.2 - Traballa en equipo determinados aspectos das lecturas propostas ou seleccionadas polo alumnado, investigando e experimentando de forma progresivamente autónoma.

CSIEE	LCL	LCLB4.7.1 - Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias estudadas, expresándose con rigor, claridade e coherencia.
-------	-----	--

#### 4º ESO: PERFIL COMPETENCIAL DO ALUMNADO

Competencia Clave	Materia	Estándares prioritarios
CAA	LCL	4º-LCLB2.5.2 - Redacta borradores de escritura.
CAA	LCL	4º-LCLB2.5.4 - Revisa o texto en varias fases para aclarar problemas co contido (ideas, estrutura, etc.) ou coa forma (puntuación, ortografía, gramática e presentación).
CCEC	LCL	4º-LCLB2.7.3 - Valora e incorpora progresivamente unha actitude creativa ante a lectura e a escritura.
CCL	LCL	4º-LCLB1.1.1 - Comprende o sentido global de textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo e laboral, identificando a información relevante, determinando o tema e recoñecendo a intención comunicativa do/da falante.
CCL	LCL	4º-LCLB1.6.3 - Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.
CCL	LCL	4º-LCLB1.6.6 - Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral, Recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores etc.).
CCL	LCL	4º-LCLB2.1.1 - Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos, traballando os erros de comprensión e construindo o significado global do texto.
CCL	LCL	4º-LCLB2.1.4 - Constrúe o significado global dun texto ou de frases do texto demostrando unha comprensión plena e detallada deste.
CCL	LCL	4º-LCLB2.1.6 - Comprende o significado de palabras propias do nivel culto da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñecendo a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse con exactitude e precisión.
CCL	LCL	4º-LCLB2.2.1 - Recoñece e expresa o tema, as ideas principais, a estrutura e a intención comunicativa de textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral, e de relacións con organizacións, identificando a tipoloxía textual seleccionada (narración, exposición, etc.), a organización do contido e o formato utilizado.
CCL	LCL	4º-LCLB2.5.3 - Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as normas gramaticais e ortográficas.
CCL	LCL	4º-LCLB2.6.2 - Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.



CCL	LCL	4º-LCLB3.8.1 - Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilízalas nas propias producións orais e escritas.
CCL	LCL	4º-LCLB3.9.1 - Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.
CCL	LCL	4º-LCLB3.9.2 - Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.
CCL	LCL	4º-LCLB4.3.3 - Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.
CCL	LCL	4º-LCLB4.4.1 - Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.
CCL	LCL	4º-LCLB4.6.2 - Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.
CD	LCL	4º-LCLB1.6.1 - Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais.
CD	LCL	4º-LCLB4.6.3 - Utiliza recursos variados das tecnoloxías da información e da comunicación para a realización dos seus traballos educativos.
CMCT	LCL	4º-LCLB2.1.3 - Infíre a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas.
CMCT	LCL	4º-LCLB2.2.6 - Interpreta, explica e deduce a información dada en esquemas, mapas conceptuais, diagramas, gráficas, fotografías, etc.
CSC	LCL	4º-LCLB1.3.5 - Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.
CSIEE	LCL	4º-LCLB4.6.2 - Achega nos seus traballos escritos ou orais conclusións e puntos de vista persoais e críticos sobre as obras literarias, expresándose con rigor, claridade e coherencia.

**5.- DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO:** obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, temporalización, procedementos e instrumentos de avaliación, grao mínimo de consecución para aprobar.

**1º ESO: páxina**

**2º ESO: páxina**

**3º ESO: páxina**

**4º ESO: páxina**

**5.- DESENVOLVEMENTO DO CURRÍCULO: obxectivos, contidos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe, competencias clave, temporalización, procedementos e instrumentos de avaliación, grao mínimo de consecución para aprobar.**

**1º ESO**

LINGUA CASTELÁ E LITERATURA 1º ESO								
OBXECTIVOS	CONTIDOS	CRITERIOS DE AVALIACIÓN	ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE	COMPETENCIAS CLAVE	ACTIVIDADES DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACI	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN PARA APROBAR
<b>Bloque 1. Comunicación oral: escoitar e falar.</b>								
h m	B1.1 Escoita activa e observación das normas básicas que favorecen a comunicación.	B1.1 Escoitar de forma activa e comprender o sentido global de textos orais	LCLB1.1.1. Recoñece e asume as regras de interacción, intervención e cortesía que regulan os debates e calquera intercambio comunicativo oral.	CCL CSC	-Razoamento por parte dos alumnos sobre as regras básicas da interacción.  - Rexeitamento daquelo que impide unha correcto intercambio comunicativo.  - A partir de unha serie de audicións, extracción das	Todas as avaliacións <sup>1</sup>	-Obsevación por parte do profesor se o alumno emprega correctamente as regras básicas da comunicación,	-Respecta as normas de interacción.

<sup>1</sup> Debido ás características dos estándares de aprendizaxe descritos, entendo que deben aplicarse ao longo de todo o curso, con maior ou menor incidencia dependendo da temática que se estea a tratar e dos exercicios que se estean a realizar. As destrezas descritas nestes estándares son aplicables ao uso, polo tanto o que debe terse en conta é a adquisición paulatina das mesmas, algo que considero imposible medir en sesión porque está presente permanentemente no proceso de ensino-aprendizaxe.

					ideas globais e comprobación do cumprimento das regras básicas da interacción.			
a d g	B1.2 Participación en debates, coloquios e conversas espontáneas respectando as normas básicas de interacción, intervención e cortesía que regulan estas prácticas orais.	B1.2 Valorar a importancia da conversa na vida social practicando actos de fala (contando, describindo, opinando, dialogando, etc.) en situación comunicativas propias da actividade escolar.	LCLB1.2.1 Intervén en actos comunicativos orais e valora a súa participación.	CCL CSIEE	- Realización de debates sobre diferentes temas de actualidade respectando as normas básicas da comunicación.	En todas as avaliacións	-Observación por parte do profesor de se os alumnos respetan as normas básicas nos debates propostos.	-Participa activamente nos debates respetando os turnos de palabra.
H	B1.3 Coñecemento e uso progresivamente autónomo das estratexias necesarias para a produción e a avaliación de textos orais. Aspectos verbais e non verbais.	LCLB1.3.1 Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a coherencia e a cohesión do contido das producións orais propias e alleas, así como os aspectos prosódicos e os elementos non verbais (acenos,	LC.B1.3.1 Coñece o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.  LCLB1.3.2 Recoñece a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non	CCL CCA	-Formación de diferentes grupos e expresión oral da opinión sobre diferentes temas onde se valoraran a adecuación, a coherencia, uso de elementos non verbais...	En todas as avaliacións	-Observación directa do profesor se os alumnos se expresan con adecuación, coherencia... nas súas intervencións, e ademáis, se se autocorrixen.	-Exprésase oralmente con claridade, tono de voz adecuado e volumen e asume os seus propios erros.  -Identifica elementos non verbais nas comunicación orais.



g h	B1.4 Coñecemento, uso e aplicación das estratexias necesarias para falar en público: planificación do discurso, prácticas orais formais e informais, e avaliación progresiva.	B1.4 Aprender a falar en público, en situación formais e informais, de xeito individual ou en grupo.	LCLB1.4.1 Realiza presentación orais.	CCL	-Realización dunha presentación oral.  -Elaboración dun esquema previo.	En todas as avaliacións	-Valoración do profesor se a presentación oral foi adecuada o contexto.	- Presenta dunha forma lóxica, ordenada e adecuada, un determinado tema de forma oral, non tendo vergoña a falar en público.
a d h m	B1.5 Creación de textos orais e audiovisuais que reproduzan situación reais ou imaxinarias.	B1.5. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións.	LCLB1.5.1. Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	CSC	-Representación breve teatral creada por ele e poñendo énfasis na dramatización.  - Realización dun esquema previo.	En todas as avaliacións	-Valoración do profesor se a representación teatral respetou as indicacións marcadas.	-Participa nas simulacións e representacións mostrando interese por expresar emocións e por querer facelo ben.
<b>Bloque 2. Comunicación escrita: ler e escribir.</b>								
h h	B2.1 Lectura, comprensión, interpretación e valoración de textos escritos de ámbito persoal,	B2.1. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes	LCLB2.1.1. Retén información e recoñece a idea principal e as ideas secundarias, comprendendo as	CCL	-Recoñecemento das ideas principais e secundarias de diferentes textos.	En todas as avaliacións	-Eercicio onde se diferencien as ideas principais das secundarias.	-Identifica as ideas principais e secundarias dun texto.



B	B2.2 Utilización progresivamente autónoma da biblioteca escolar e das tecnoloxías da información e da comunicación como fonte de obtención de información. Educación para o uso, o tratamento e a produción de información.	B2.2. Procurar e manexar información, na biblioteca e noutras fontes, en papel ou dixital, para integrala nun proceso de aprendizaxe continua	LCLB2.2.1. Utiliza, de xeito autónomo, diversas fontes de información integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos. LCLB2.2.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital. LCLB2.2.3. Coñece o funcionamento de bibliotecas (escolares, locais, etc.) e de bibliotecas dixitais, e é capaz de solicitar autonomamente libros, vídeos, etc.	CD  CD  CD	-Búsqueda de información en internet sobre diferentes autores e as súas obras.  -Búsqueda nun dicionario impreso ou dixital o vocabulario descoñecido dunha lectura.  -Visita a biblioteca do centro.	En todas as avaliacións	-Traballo para a casa onde se buscará información sobre un autor e as súas obras.  -Exercicio onde se busque unha serie de vocabulario descoñecido.	-Sabe buscar información en internet.  -Consulta o dicionario sempre que o precisa, tanto impreso como dixital.  -Mostra interés pola visita realizada a biblioteca.
g h	B2.3 Coñecemento e uso das técnicas e extratécnicas para a produción de textos escritos: planificación, obtención de	B2.3. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados,	LCLB2.3.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.) e	CSIE	-Presentación de traballos escritos sobre distintos temas propostos.  -Realización dun esquema previo.	En todas as avaliacións	-Realización por escrito dun traballo sobre un tema proposto polo profesor.	-Presenta traballos escritos dunha forma clara, ordenada, limpa e coherente.

	datos, organización da información, redacción e revisión do texto. A escritura como proceso.	coherentes e cohesionados.	redacta borradores de escritura.		-Revisión dos traballos.			
h l	<p>B2.4 Producción de textos escritos e audiovisuais relacionados co ámbito persoal, co educativo ou escolar e co social.</p> <p>B2.5 Producción de textos escritos e audiovisuais narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos e escritura de textos dialogados.</p>	B2.4 Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso.	<p>LCLB2.4.1. Escribe textos propios do ámbito persoal e familiar, escolar ou académico e social, imitando textos modelo.</p> <p>LCLB2.4.2. Escribe textos narrativos, descritivos e instrutivos, expositivos, argumentativos e dialogados, imitando textos modelo.</p> <p>LCLB2.4.3. Realiza esquemas e mapas, e explica por escrito o significado dos elementos visuais que poden aparecer nos textos.</p>	CCL  CCL	<p>-Composición dunha carta a un amigo seguindo o modelo dado.</p> <p>-Presentación por escrito de diferentes contos onde se mesturen secuencias narrativas, descritivas e dialogadas.</p> <p>- Elaboración de un breve texto expositivo.</p> <p>- Partindo dunha serie de ideas, presentación de argumentos a favor ou en contra.</p> <p>-Realización de esquemas de</p>	En todas as avaliacións	<p>-Realización dunha carta,</p> <p>-Elaboración dun traballo escrito onde se parta dun texto narrativo e se mezclen secuencias descritivas, dialogadas...e envío a profesora por correo electrónico.</p>	<p>-Sabe escribir unha carta respetando os modelos dados.</p> <p>-Sabe empregar ó correo electrónico.</p> <p>-Identifica as diferenzas textuais.</p>





	comunicación eficaz.		adecuadamente as formas verbais nas súas producións orais e escritas.				ortográficos e gramaticais.	
				CCL	-Identificación das formas verbais en textos e indicar o tempo, modo...		-Control de verbos por escrito.	-Recoñece os diferentes tempos verbais, modos, conxugación e úsaos correctamente en cada situación comunicativa.
e h	B3.3 Manexo de dicionarios e outras fontes de consulta en papel e formato dixital sobre o uso da lingua.	B3.2. Usar de forma efectiva os dicionarios e outras fontes de consulta, tanto en papel como en formato dixital, para resolver dúbidas en relación ao manexo da lingua e para enriquecer	LCLB3.2.1. Utiliza fontes variadas de consulta en formatos diversos para resolver as súas dúbidas sobre o uso da lingua e para ampliar o seu vocabulario.	CD	-Búsqueda no dicionario de palabras de dudosa escritura.	En todas as avaliacións	-Observación da destreza do alumno e o desenvolvemento a hora de usar o dicionario.	-Manexa correctamente dicionarios on-line ou impresos para resolver calquer tipo de duda e mostra interés por facelo.

		o propio vocabulario.						
h	B3.4 Recoñecemento, uso e explicación dos conectores textuais e dos principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	B3.3. Identificar os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna presentes nos textos, recoñecendo a súa función na organización do contido do discurso.	LCLB3.3.1. Recoñece, usa e explica os conectores textuais (de adición, contraste e explicación) e os principais mecanismos de referencia interna, gramaticais (substitucións pronominais) e léxicos (elipse e substitucións mediante sinónimos e hiperónimos), valorando a súa función na organización do contido do texto	CCL	-Identificación dos marcadores textuais en diferentes textos e explicar por escrito a súa función na organización do texto.	En todas as avaliacións	-Utilización de conectores variados nos textos de creación.	-Identifica os conectores textuais.  -Define, explica e pon exemplos de conceptos como: sinónimo, hiperónimo...
Gramática e ortografía	Existen abundantes erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto case non se entende.	Existen erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto presenta dificultades en ocasións para ser entendido.	Case non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.	Non hai erros gramaticais, ortográficos ou de puntuación e o texto lese con fluidez.
Extensión	Non presenta a extensión esixida.	Preséntanse bastante máis ou menos extensión da esixida.	Presenta algo máis ou menos do esixido.	Adáptase á extensión esixida.
Contido	Non presenta ideas claras e non están argumentadas.	Un 60% do texto non ten relación con contido.	Nalgúns parágrafos non se aborda o tema pedido.	Presenta ideas ben argumentadas e sen erros.
Presentación	A proba está presentada sen limpeza nin pulcritude.	A proba está presentada con pouca limpeza e pulcritude.	A proba está presentada con bastante limpeza e pulcritude.	A proba está perfectamente presentada con limpeza e pulcritude.
Tempo de entrega	Fóra de prazo.	No prazo estipulado.	No prazo estipulado.	No prazo estipulado.

AVALIACIÓN DE TRABALLOS ORAIS				
	Suspenso	Aprobado	Notable	Sobresáinte
Presentación	Empeza a exposición sen facer unha presentación inicial.	Fai unha presentación inicial rápida e non menciona o tema que vai tratar.	Fai unha presentación inicial rápida e da a coñecer o tema que vai tratar e o obxectivo que pretende.	Fai unha presentación inicial correcta e da a coñecer o tema a tratar e o obxectivo que pretende.
Expresión oral	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir as súas ideas con claridade.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	O vocabulario é inadecuado e a súa exposición é clara.	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é clara e coherente.
Volume de voz	O seu volume de voz é demasiado baixo para ser escoitado por todos.	O seu volume de voz é medio e ten dificultades para ser escoitado por todos.	O seu volume de voz é adecuado para ser escoitado por todos, pero cando dubida baixa o volume.	O seu volume de voz é adecuado para que todos o escoiten, sen ter que berrar.
Expresividade	Fai moi pouco uso de expresións faciais e da linguaxe corporal. A forma na que fala non xera interese.	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran interés en ocasións, pero pérdese moitas veces e non	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran gran interés e entusiasmo, aínda que ás veces pérdese e non	As súas expresións faciais e a súa linguaxe corporal xeran gran interés e entusiasmo nos outros.



		presenta toda a información.	presenta toda a información.	
Inclusión dos aspectos relevantes	Non expón o traballo nin coñece os conceptos necesarios para a súa realización.	Explica todos os pasos, pero confunde a orde e hai que reorganizab mediante preguntas.	Explica todos os pasos correctamente, pero confunde un pouco a orde.	Explica cada paso con detalle, lóxica e cronoloxicamente na orde na que o utilizou.
Recursos didácticos	Sen soporte visual.	Soporte visual inadecuado.	Soporte visual interesante na súa xusta medida.	Soporte visual adecuado e especialmente atractivo.
Tempo da exposición	Olvidou tempo e saíuse do tema.	-Empregou o tempo adecuado, pero non pechou o tema.  -Non empregou o tempo axeitado e incluiu todos os puntos do tema.	Axustouse ao tempo, pero cun final moi precitado ou excesivamente longo por falta de control do tempo.	Tempo adecuado e cerrou correctamente a presentación.

AVALIACIÓN DE DEBATES				
	Suspense	Aprobado	Notable	Sobresaínte
Defensa da súa postura	Non mantén a defensa da súa postura durante o debate.	Mantén a defensa da súa postura durante o 60% do debate.	Mantén a defensa da súa postura durante o 80% do debate.	Mantén a defensa da súa postura durante todo o debate.
Capacidade para escoitar aos seus compañeiros	Non escoita aos seus compañeiros nin analiza os seus argumentos.	Escoita aos seus compañeiros, pero distráese en ocasións e non analiza os seus argumentos.	Escoita aos seus compañeiros e analiza os seus argumentos.	Escoita aos seus compañeiros atentamente e analiza os seus argumentos.
Respeto do turno de palabra e das ideas dos demais.	Interrompe sempre para facer uso da palabra. Non respecta as opinións dos demais.	Non espera sempre o seu turno para facer uso da palabra e solicítalo con respecto, pero non con orde. Respecta as opinións dos demais.	Siempre espera o seu turno para facer uso da palabra e solicítalo con respecto pero non con orde. Respecta as opinións dos demais.	Siempre espera o seu turno para facer uso da palabra e solicítalo con respecto e orde. Respecta sempre as opinións dos demais.
Vocabulario	Ten un vocabulario moi básico e non logra transmitir as súas ideas con claridade.	Fáltalle vocabulario e ten algún problema para expresar correctamente as súas ideas.	O vocabulario é inadecuado e a súa exposición é clara.	Utiliza un vocabulario adecuado e a exposición é clara e coherente.
Argumentación	Ningunha idea está ben argumentada.	Algunhas ideas están ben argumentadas.	A maioría das ideas están ben argumentadas.	Todas as ideas están ben argumentadas.
Dominio do tema	Non amosa coñecemento nin dominio do tema.	O coñecemento do tema e o dominio do mesmo é regular.	Amosa coñecemento e dominio do tema.	Amosa un coñecemento

				profundo e domino total do tema.
Volume de voz	O seu volume de voz é demasiado baixo para ser escoitado por todos.	O seu volume de voz é medio o que dificulta a escoita, ou alza demasiado o seu volume.	O seu volume de voz é adecuado para ser escoitado por todos, pero cando dubida baixa o volume.	O seu volume de voz é adecuado para que todos o escoiten, sen ter que berrar.

AVALIACIÓN DA ACTITUDE				
	Suspense	Aprobado	Notable	Sobresaínte
Interese pola materia	Non amosa ningún interese pola materia.	Amosa interese por algún aspecto da materia.	Amosa interese pola maioría dos aspectos da materia.	Amosa moito interese por todos os aspectos da materia.
Participación na clase	-Non participa no desenvolvemento da clase. -Participa impulsivamente, contestando primeiro que se lle ocorre, sen pensar se ten relación co que se está a falar.	Participa puntualmente no desenvolvemento da clase, dando algunha resposta adecuada.	Participa activamente no desenvolvemento da clase, dando respostas acertadas, non sempre ben razoadas.	Participa activamente no desenvolvemento da clase, dando respostas acertadas e razoadas.
Traballo na aula	Non traballa nunca e non completa as tarefas.	Traballa ás veces e non remata as tarefas.	Traballa sempre, aínda que ás veces non completa as tarefas.	Traballa sempre e completa as tarefas.
Traballo na casa	Non traballa nunca e non completa as tarefas.	Traballa ás veces e non remata as tarefas.	Traballa sempre, aínda que ás veces non completa as tarefas.	Traballa sempre e completa as tarefas.
Comportamento	Chamadas de atención continuas, interrompendo o desenvolvemento da clase.	Chamadas de atención puntuais sen interromper o desenvolvemento da clase.	Sen chamadas de atención.	Sen chamadas de atención.

## 7.4 AVALIACIÓN INICIAL

Nas primeiras semanas do curso procederase a realizar unha serie de probas para verificar o nivel co que chega o alumnado a cada curso. Xeralmente consistirán en modelos de exame utilizados nos cursos anteriores, pero tamén se poderá botar man de fichas dedicadas aos aspectos máis reiterados da nosa materia.

En caso de que non sexa posible, por diversos motivos –informes de cursos anteriores, coñecemento previo por parte do profesor ou profesora, intervencións na clase..., ter unha idea xeral do alumnado dun grupo, poderase agardar á realización da primeira proba correspondente á materia do curso en marcha.

A proba de avaliación inicial centrarase en comprobar as capacidades de comprensión lectora, de expresión escrita, de análise de textos e de coñecementos de lingua e historia literaria. Para iso, a proba inicial poderá contar con preguntas dalgún dos seguintes tipos: preguntas tipo test, preguntas de resposta breve sobre algún aspecto relevante do texto proposto, preguntas de verdadeiro ou falso, identificación dun tema, tópico ou recurso relevante dun texto, cuestións de definición breve de conceptos, cuestión de completar cadros con distinta información sobre lingua ou literatura, resumos ou esquemas, localización, clasificación e comentario de diversos tipos de unidades lingüísticas, creación de textos breves de distinta tipoloxía, preguntas de cultura xeral.

En función dos resultados obtidos estableceranse, se fora preciso, as medidas pedagóxicas oportunas, tanto individuais como colectivas, que permitan corrixir as dificultades ou desfases curriculares detectados ou, no seu caso, atender a alumnos con altas capacidades. Algúns exemplos das medidas concretas que se poderían aplicar a este respecto son: proporcionar materiais de reforzo sobre aspectos concretos da materia, propostas específicas de lecturas ou exercicios cos que poñer en práctica estratexias de comprensión lectora, propostas de exercicios de redación cos que practicar a expresión escrita e a creación de textos de distinta tipoloxía, agrupamentos flexibles con compañeiros da aula para facilitar a aprendizaxe colaborativa, revisión de técnicas de estudo que favorezan o traballo autónomo do alumno (resumo, esquema, etc.), proposta de lectura de materiais bibliográficos de ampliación dos temas impartidos, proposta de lecturas adaptadas ao nivel do alumno, etc.

Se o docente considera que os problemas revisten a suficiente gravidade darase coñecemento dos mesmos ao persoal especializado do centro así como ao equipo directivo a fin de levar a cabo as medidas necesarias.

#### **7.5.- CRITERIOS DE PROMOCIÓN**

Para a Promoción na nosa área, cumprirá ter en conta o que recolle a lei educativa vixentea respecto da ESO: os alumnos promocionarán de curso cando superaran todas as áreas cursadas ou teñan avaliación negativa en dúas como máximo, e repetirán curso cando teñan avaliación negativa en 3 ou máis áreas ou en dúas que sexan simultaneamente Lingua Galega e Literatura ou Lingua Castelá e Literatura e máis Matemáticas, salvo que, excepcionalmente, o equipo docente considere que o alumno pode seguir con éxito o curso seguinte, ten boas perspectivas de recuperación e a promoción beneficiará a súa evolución académica e se lle apliquen as medidas de atención educativa propostas no consello orientador. Tamén indica que, de forma excepcional, se poderá autorizar a promoción dun alumno con 3 áreas suspensas, pero para iso dúas desas materias non poden ser simultaneamente Lingua Galega, Lingua Castelá e Matemáticas.

Con todo, estes criterios poderán modificarse se hai instrucións da Administración.

#### **8.- SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DO ALUMNADO CON MATERIAS PENDENTES.**

O procedemento a seguir será o seguinte:

**Plan de traballo:** os alumnos prepararán os contidos e actividades programados polo profesor correspondente. O apoio do profesorado concrétase na atención a alumnos para aclarar dúbidas relativas a eses contidos e actividades. Oportunamente convocarase as reunións co alumnado para entregar traballos e resolver dúbidas, así como para fixar as datas das probas.

Os obxectivos serán os da materia no nivel correspondente que non se superou e que quedan fixados na presente programación.

Os contidos son os mínimos da materia no nivel correspondente que non se superou e que están recollidos na presente programación.

Metodoloxía: os contidos organizaranse do xeito que o profesor estime máis conveniente para cada caso.

**Avaliación da materia pendente:**

Os alumnos que teñan pendente a materia de 1º e 2º poderán recuperar automaticamente a materia pendente se aproban as dúas primeiras avaliacións do nivel que estean cursando: a nota de recuperación por esta vía non será superior a 5.

Os alumnos con materia de 1º e 2º pendente, así como os de 3º poderán, poderán recuperar seguindo os seguintes procedemento e criterios.

Procedementos e criterios: a avaliación levarase a cabo mediante a entrega de dous cadernos de traballo ó longo do curso, e a realización dun exame no mes de maio. O alumnado que non entregue os cadernos presentarse unicamente á proba escrita.

**CADERNOS**: representarán o **50% da nota**.

-1º parte de caderno: deberá ser entregada antes do **29 de xaneiro 2019**.

-2º parte do caderno: deberá ser entregada antes do **10 de abril de 2020**.

**EXAME**: representará o **50% da nota**. Para que esta nota faga media coa dos cadernos será necesario obter unha nota igual ou superior a 4 (sobre 10) no exame.

No caso de non entregar os cadernos, esta proba representará o **100% da nota** e será preciso sacar como mínimo un 5 para aprobar a materia.

O alumnado que suspenda a materia en maio presentarse á convocatoria extraordinaria de setembro, que consistirá nunha única proba ou exame.

**9.-MEDIDAS DE ATENCIÓN A DIVERSIDADE.**

Nun grupo heteroxéneo de alumnos, e máis tratándose de niveis obrigatorios de ensinanza, non todos parten dos mesmos coñecementos nin alcanzan o mesmo nivel que pretendemos para garantirlles un mínimo éxito nas diversas probas e actividades propostas ás que haberán de enfrontarse ao longo do curso. Polo tanto, tentaremos asegurar que todos os alumnos contén con uns niveis medios aceptables. Para isto, unha vez realizada a proba inicial da materia ó comezo do curso, que marcará os

coñecementos gramaticais de lingua castelá e as nocións culturais sobre o mundo romano, adquiridas en materias como Ciencias Sociais, e tras observar o progreso, tralas probas da primeira avaliación, tomaremos como principal instrumento unha batería de exercicios considerada básica por capítulo ,que todo o grupo realizará, e elaboraremos con el varios niveis, de tal xeito que unicamente aqueles que presenten deficiencias nun determinado aspecto gramatical, ampliarán a relación de exercicios. Esta mesma actuación se levará a cabo con alumnos que marchen a un ritmo óptimo e se observe que poden profundizar nos seus coñecementos ampliando o número de exercicios realizados.

Portanto, a educación secundaria obrigatoria organízase de acordo cos principios de educación común e de atención á diversidade do alumnado. As medidas de atención á diversidade nesta etapa están orientadas a responder ás necesidades educativas concretas do alumnado, ao logro dos obxectivos da educación secundaria obrigatoria e á adquisición das competencias correspondentes.

Coas medidas de atención á diversidade téñense en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe, favorécese a capacidade de aprender por si mesmos e promóvese a aprendizaxe en equipo.

A atención á diversidade terá dous enfoques: individual e grupal.

Diversidade individual	Medidas
<b>Diversidade na comprensión</b>	
Non ten ningunha dificultade para entender os contidos.	Seleccionar contidos cun grao maior de dificultade.
Entende os contidos, pero, en ocasións, resúltanlle difíciles.	Seleccionar os contidos significativos de acordo á súa realidade.
Ten dificultades para entender os contidos que se presentan.	Seleccionar os contidos mínimos e expoñelos simplificando a linguaxe e a información gráfica.
<b>Diversidade na capacitación e desenvolvemento</b>	

Non ten dificultades (alumnos de altas capacidades).	Potenciar estas a través de actividades que lles permitan poñer en xogo as súas capacidades.
Ten pequenas dificultades.	Poñer tarefas nas que a dificultade sexa progresiva, de acordó ás capacidades que se vaian adquirindo.
Ten dificultades.	Seleccionar aquelas tarefas, de acordó ás capacidades do alumnado, que permitan alcanzar os contidos mínimos exixidos.
<b>Diversidade de interese e motivación</b>	
Mostra un grande interese e motivación.	Seguir potenciando esta motivación e interese.
O interese e motivación non destacan.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas variadas.
Non ten interese nin motivación.	Fomentar o interese e a motivación con actividades e tarefas máis procedimentais próximas á súa realidade.
<b>Diversidade na resolución de problemas</b>	
Encontra solución aos problemas que se presentan en todas as situacións.	Seguir fomentando esta capacidade.
Encontra solución aos problemas que se presentan nalgunhas situacións.	Poñer problemas cada vez con maior grao de dificultade.
Ten dificultades para resolver problemas nas situación que se presentan.	Propoñer problemas de acordo ás súas capacidades para ir desenvolvéndoas.
<b>Diversidade na comunicación</b>	
Exprésase de forma oral e escrita con claridade e corrección.	Propoñer tarefas que sigan perfeccionando a expresión oral e escrita.
Ten dificultade para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer algunhas tarefas e debates nos que o alumnado teña que utilizar expresión oral e escrita co fin de melloralas.

Ten moitas dificultades para expresarse de forma oral e escrita.	Propoñer actividades co nivel necesario para que o alumnado adquira as ferramentas necesarias que lle permitan mellorar.
--	--

<b>Diversidade grupal</b>	<b>Medidas</b>
<b>De comunicación</b>	
A comunicación profesor-grupo non presenta grandes dificultades.	Non se necesitan medidas.
A comunicación profesor-grupo ten algunhas dificultades.	Propoñer estratexias para mellorar a comunicación.
A comunicación profesor-grupo ten grandes dificultades.	Descubrir a causa das dificultades e proponer medidas que as minimicen.
<b>De interese e motivación</b>	
O grupo está motivado e ten grande interese.	Non se necesitan medidas.
Parte do alumnado está desmotivado e ten pouco interese.	Propoñer estratexias que melloren o interese e a motivación desa parte do alumnado.
O grupo non ten interese e está pouco motivado.	Descubrir a causa da desmotivación e proponer medidas que as minimicen.
<b>De comportamento e colaboración</b>	
O grupo ten bo comportamento e sempre está disposto a realizar as tarefas.	Non se necesitan medidas.
Parte do alumnado ten boa actitude e colabora.	Propoñer actividades de grupo nas que asuma responsabilidades o alumnado menos motivado.
O grupo ten mala actitude e non colabora nas tarefas.	Descubrir as causas do problema e adoptar medidas, estratexias, etc. para minimizar esas actitudes.



En canto aos alumnos con graves carencias, serán tratados segundo o diagnóstico previo e tanto os exercicios como as actividades e os criterios de avaliación adaptaranse as súas capacidades. Igualmente, se terá en conta a posibilidade de contar con alumnos sobre dotados, que contarán cun tratamento individualizado. Entre as medidas a tomar destacamos as seguintes:

- a.- Agrupamentos flexibles nos que se mesturen alumnos con distintas capacidades e motivacións.
- b.- Profesorado de apoio na aula de referencia ou fóra dela (segundo se acorde co departamento de Orientación)
- c.- Proposta de actividades que presenten diferentes niveis e ritmos de aprendizaxe.
- d.- Adaptación de obxectivos, criterios de avaliación ou estándares cando sexa pertinente.
- e.- Adaptación curricular nos casos nos que sexa conveniente.
- f.- Flexibilización da metodoloxía didáctica xeral en función das necesidades detectadas no alumnado.

## **10.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS.**

A inclusión dos elementos transversais na ensinanza, tal como reflicte ó Plan de Convivencia do Centro, ofrécenos unha magnífica oportunidade para reflexionar sobre a difusión máis persoal da educación, de ter en conta todo aquilo que nos permite “ser persoas”: traballar a afectividade, os sentimentos, a creatividade, a autoestima persoal respetando tal e como un é, a importancia de ser querido polos demais, o respeto, etc.

Con carácter xeral, sen que isto impida tratar outros, nesta materia traballaranse os seguintes elementos transversais:

1.- A igualdade de dereitos de calquera persoa a través dunha proposta de estudo equilibrada entre as diferentes identidades de xénero, sexuais, ideolóxicas, de orixe, etc. e o uso dunha linguaxe non discriminatoria en todas as producións escritas ou orais realizadas polo profesorado e o alumnado, así como o coñecemento daqueles textos literarios pertencentes a tradicións literarias diversas que amosen credos, ideoloxías ou pensamentos diferentes ao noso ou minorizadas polo canon da cultura oficial. Ao mesmo tempo, faremos fincapé nas distintas maneiras de pensar que se transmiten na literatura ao longo da súa historia e que reflicten xeitos de entender a figura do outro que xa debemos superar no século XXI. Neste sentido cremos que non favorece a integración negar estes textos, senón que é imprescindible fomentar unha lectura crítica e contextualizada.

2.- O exercicio da tolerancia e da liberdade como principios básicos de convivencia, de xeito que o alumnado poida expresar con liberdade as súas opinións respectando, á súa vez, as opinións dos demais e evitando o conflito no exercicio deste dereito (debates orais, tertulias, exposicións orais, etc.

3.- O respecto e o recoñecemento da pluralidade lingüística a través da lectura de textos literarios de diferentes linguas, especialmente aquelas que teñen representación entre o estudiantado e o seu dereito a expresarse libremente.

4.- Desenvolvemento dunha actitude crítica e responsable que permita ao alumnado a súa participación activa na sociedade do coñecemento como individuo competente e crítico. Iso practícase, como xa foi mencionado, a través da análise crítica de obras e fragmentos literarios que permitan analizar situación, feitos, contextos e actitudes que aparezan reflectidas nas mostras literarias traballadas ao longo do curso.

5.- Uso das tecnoloxías da información e a comunicación non só como un soporte para determinadas ferramentas empregadas na aula, senón tamén como unha función básica para a personalización da aprendizaxe, polas innumerables posibilidades didácticas, e pola conexión cos hábitos e experiencias das novas xeracións de alumnos. O blog de aula permite que os alumnos expoñan os seus traballos e os compartan cos compañeiros. Aínda así, centramos o traballo no mal uso que se realiza dos dispositivos móbiles e o uso das tecnoloxías como materia de reflexión.

6.- A creatividade como motor de búsqueda e experimentación persoal e intelectual a partir de actividades deseñadas para iso. Como xa mencionamos na metodoloxía, a liberdade creativa estará asegurada e insistiremos na necesidade de coñecer as pautas para rompelas na busca dun discurso propio: a arte como motor de coñecemento e a liberdade como ferramenta.

## **11.- MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS.**

En 1º, 2º cursos de ESO utilizarase o libro de texto un caderniño elaborado pola profesora e entregado na clase. Tamén terán acceso a el na aula virtual e no blogue de aula.

Para 3º e 4º de ESO empregarán un caderniño co material básico de estudo pero sin exercicios; estes serán entregados na aula ou facilitaránselle ao alumnado a través da aula virtual. Ademáis, no blogue da materia terán acceso aos contidos teóricos da materia, así como a contidos complementarios.

Coa finalidade de que os alumnos adquiran destreza para traballar coa aula virtual, en cada tema irase poñendo material (contidos, exercicios, etc.) nela e terán que acceder para realizar tarefas determinadas.

Estes son materiais de referencia, que serán substituídos ou complementados, cando así o estime o profesor, por materiais elaborados *ex profeso*.

Os materiais serán variados para permitir a realización de traballos de diversa índole, desde os máis tradicionais (dicionarios, libros de consulta) ata os máis novidosos (uso das TIC). Tamén entendemos como material didáctico a listaxe de libros de lecturas, tanto obrigatorias como optativas, así como as seleccións de textos entregados na aula. Non se desbota a posibilidade de visionar algunha película ou calquera outro tipo de material audiovisual e informático.

## **12.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES.**

Desde o departamento veremos a posibilidade de participar en saídas educativas, asistencia a actos e lugares de interese, etc.; a participación nestas actividades estará suxeita ás necesidades do centro e á dispoñibilidade do profesorado e á evolución da situación sanitaria.

Así mesmo, desde do Departamento estamos abertos a calquera actividade que se propoña ao longo de todo o curso, ben por parte do centro como de persoal alleo ao mesmo, e, para iso, dispoñemos de todo tipo de orzamentos aos que teñamos dereito e acceso.

### 13.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA

#### DOCENTE

Para avaliar a práctica docente e o proceso de ensino aprendizaxe elaboramos unha enquisa que poñeremos na aula virtual e que seguirá os parámetros do seguinte cadro.

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
Planificación	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Planifica a práctica docente tendo en conta os estándares de aprendizaxe.</li> <li>• Realiza a temporización tendo en conta as horas asignadas á materia e á duración dunha sesión de traballo.</li> <li>• Selecciona e secuencia os contidos de maneira progresiva e tendo en conta os aspectos particulares de cada grupo.</li> <li>• Planifica as clases de maneira aberta e flexible.</li> <li>• Selecciona e elabora os materiais e recursos didácticos para desenvolver a práctica docente na aula.</li> <li>• Prepara o material e guións das prácticas e proxectos que se desenvolverán.</li> <li>• Establece criterios, procedementos e instrumentos de avaliación correlacionados cos estándares de aprendizaxe.</li> <li>• Coordínase co profesorado do propio departamento e doutros departamentos.</li> </ul>
Motivación do alumnado	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Dá a coñecer a planificación da práctica docente proporcionando unha visión de conxunto ao comezo de cada bloque de contidos e de cada sesión de traballo.</li> <li>• Establece canles de comunicación para que o diálogo sexa fluído dentro e fóra da aula.</li> <li>• Proporciona ao alumnado o apoio necesario durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</li> <li>• Desenvolve actividades de diversos tipos e características introducindo elementos novedosos.</li> <li>• Fomenta un bo ambiente na aula.</li> <li>• Promove a participación activa do alumnado.</li> <li>• Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos.</li> <li>• Relaciona os contidos, os proxectos e as actividades cos intereses do alumnado.</li> <li>• Organiza a aula para que o alumnado dispoña de espazo e recursos na realización de prácticas, proxectos, traballos cooperativos, etc.</li> <li>• Evita a repetición de proxectos a fin de introducir elementos novedosos que motiven ao alumnado.</li> </ul>
Traballo na aula	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Resume e repasa ao comezo de cada sesión os contidos xa traballados en sesións anteriores.</li> <li>• Utiliza exemplos na introdución de novos contidos.</li> <li>• Resolve as dúbidas do alumnado dentro e fóra das sesións de traballo.</li> <li>• Establece tempos fóra das sesións de traballo para atender ao alumnado.</li> <li>• Utiliza diferentes soportes durante as sesións de traballo.</li> <li>• Selecciona prácticas, proxectos e actividades en xeral que permitan alcanzar os estándares de aprendizaxe e a adquisición das competencias clave.</li> </ul>
Avaliación do proceso de ensino-aprendizaxe	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Realiza a avaliación inicial a fin de tomar as medidas individuais ou colectivas necesarias.</li> <li>• Analiza os procesos e os resultados das prácticas, proxectos, exercicios probas e actividades en xeral.</li> <li>• Establece medidas que permitan introducir melloras.</li> </ul>

ACTIVIDADE	INDICADORES DE LOGRO
	<ul style="list-style-type: none"> <li>Fai posible a realimentación na entrega e avaliación de prácticas e traballos indicando os aspectos nos que o alumnado pode e debe introducir melloras.</li> <li>Proporciona indicacións durante a realización do traballo práctico na aula.</li> <li>Supervisa de forma continua a resolución de exercicios e realización de tarefas que se desenvolven durante as sesións de traballo.</li> <li>Favorece os procesos de autoavaliación.</li> <li>Propón actividades complementarias para resolver problemas que xorden durante o proceso de ensino-aprendizaxe.</li> <li>Establece con claridade os criterios de avaliación e de puntuación.</li> <li>Informa ao alumnado e ás súas familias dos resultados obtidos.</li> </ul>

#### 14.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.

As modificacións da programación poderanse dar a instancias do profesor: cando observe que algún plantexamento non funcione ou cando cambien as circunstancias da aula; ou a instancias dos alumnos: se hai algunha queixa ou suxerencia razoada.

No centro prevese que nas avaliacións os alumnos dean as súas opinións sobre o desenvolvemento da clase en todos os seus aspectos, polo que teremos en conta as súas achegas á hora de modificar o noso labor docente, sempre e cando consideremos oportunos e razoados os seus comentarios. De todos xeitos, o contacto constante con eles xa nos permitirá ir coñecendo as súas opinións ao longo do desenvolvemento dos trimestres.

Con todo, para asegurarnos de que todos os alumnos expresen a súa opinión, deberán cubrir o seguinte cuestionario:

DIVERSIDADE	1 <sup>13</sup>	2	3	4	PROPOSTAS DE MELLORA
Ao principio do curso fíxose algún tipo de actividade para coñecer a composición da clase.					
Tense en conta a diversidade á hora de organizar a clase e crear grupos.					
Dáselle a cada alumna ou alumno a información que necesita.					
Créanse actividades de diferentes niveis.					
Adáptanse as actividades ao alumnado que se afasta da media tanto por arriba como por abaixo.					
PROGRAMACIÓN DE AULA					
Tense en conta a programación á hora de planificar as clases.					
Recóllense e arguméntanse as modificacións respecto á programación do curso.					

<sup>13</sup> 1: non adecuado, 2: pouco adecuado, 3: adecuado, 4: moi adecuado.

Déixase claro ao alumnado que se vai facer en cada unidade de traballo e como vai ser avaliada.					
<b>ACTIVIDADES NA AULA</b>					
Propóñense agrupamentos diferentes (individuais, parellas, pequeno grupo, gran grupo...)					
Deséñanse actividades variadas (lectura, análise, investigación, creación, debate...)					
Propóñense actividades que promoven a autonomía na aprendizaxe.					
Utilízanse ferramentas diversas (libros de consulta, libros de lectura, TIC...)					
Consíguese manter a atención do alumnado.					
As explicacións teóricas son claras e concisas.					
Dedícase a maior parte do tempo a promover que o alumnado faga actividades diversas.					
Na aula hai un ambiente relaxado de traballo.					
Respóndense ás dúbidas de todos os alumnos.					
O profesor preocúpase pola aprendizaxe dos alumnos.					
O profesor anima aos alumnos para que melloren na materia.					
Os alumnos coñecen os contidos que se van impartir en cada trimestre.					
<b>AVALIACIÓN</b>					
O alumnado coñece desde o principio de curso os mecanismos de avaliación e recuperación.					
O alumnado está sempre informado de como será a avaliación antes de comezar cada traballo, proxecto ou unidade nova.					
Utilízanse diferentes tipos de probas para avaliar (exposicións, exames, traballos, rúbricas, debates...)					
O alumnado ten acceso ás correccións das probas e explícanse-lle as dúbidas que teñan ao respecto.					
A avaliación ten en conta a consecución dos estándares nos tres bloques de contidos: lingua, literatura e comunicación.					
Prográmanse plans de recuperación para aquelas alumnas ou alumnos que non alcanzan os obxectivos mínimos.					

Cos datos extraídos farase unha análise das fortalezas e das debilidades da docente e recolleranse as conclusións de mellora no informe final de curso e na programación do vindeiro ano.

## 15.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PLAN TIC DO CENTRO.

De acordo coas directrices propostas polo coordinador das TIC no centro, o profesor leva a cabo actividades nas que o alumnado deberá empregar ferramentas como busca de información en Internet, tratamento desta información, presentación de traballos empregando distintos programas informáticos, etc.

O docente deixará o seu papel de transmisor de información para adquirir outros como o de deseñador de situacións de aprendizaxe, titorización dos estudantes e produtor de medios. No caso dos estudantes, necesitarán estar máis capacitados para a autoaprendizaxe mediante a toma de decisións e o diagnóstico das súas necesidades, a busca significativa do coñecemento, ao mesmo tempo que deberán estar menos preocupados pola repetición formal e memorística dos contidos.

A utilización das TIC por parte do alumnado levarase a cabo mediante a realización de diversas actividades que contribuirán a desenvolver o seu **tratamento da información e competencia dixital**.

Para iso propoñemos actividades do tipo das que seguen, das que se irán seleccionando as que se consideren máis axeitadas en casos concretos, ou ás que se poderán engadir novas propostas que xurdan de indicacións da coordinación TIC ou de calquera outro ámbito.

- Uso do procesador de textos. [\* .doc ou .odt]
- Presentación de traballos cunha presentación de diapositivas. (.ppt ou .odp)
- Busca de información.
- Traballo con distintos materiais presentes na rede en distintos formatos, como os do “repositorio Abalar” da Consellería de Educación.
- Realización de actividades con software educativos (Jclíc e Hot Potatoes) e software específico da propia materia.
- Realización de Webquest.
- Uso de correo electrónico, Google Drive, etc.
- Realización de “Cazas dos tesouros”
- Realización de actividades, cuestionarios e exames de diferentes Unidades didácticas en Moodle.
- Realización de wikis, blogs e explotar o potencial das redes sociais que están tan presentes na nosa comunidade educativa.

## 16.- ACCIÓNS DE CONTRIBUCIÓN AO PROXECTO LECTOR E PROXECTO LINGÜÍSTICO DO CENTRO.

O que pretendemos mediante este plan é potenciar un hábito lector no noso alumnado, e este é un feito que vai ligado á materia que impartimos.

O principal problema ó que nos enfrontamos é a desmotivación, a consideración da lectura como unha imposición e non como forma de pracer, e aí está a nosa gran tarefa: *crear o gusto pola lectura*. Agora ben, ¿Como acercar o libro ó alumno?, ¿Que facer para que o alumno desfrute coa lectura dun libro e vexa nel unha fonte de pracer? ¿Como programar as medidas que fomenten as destrezas, a comprensión e a motivación? Resumindo, *Como crear o gusto pola lectura?*

Basicamente, o que len algúns dos nosos alumnos e alumnas son os libros de lectura obrigatoria das materias de lingua castelá e lingua galega; inda que tamén hai grandes lectores entre o alumnado.

No noso departamento temos programadas dúas lecturas obrigatorias<sup>14</sup> por trimestre e unha listaxe moi ampla de lecturas optativas para que eles poidan elixir segundo os seus gustos e intereses: deste xeito cremos que se pode paliar a desmotivación que presente en moitos dos alumnos/as. Esta proposta de lecturas inclúe obras de todos os xéneros literarios, achegas dos alumnos e unha selección de cómic que actualmente está en proceso de elaboración.

A motivación buscarémola, ademáis, a través dos propios compañeiros e compañeiras que irán comentando os libros lidos na aula, propoñendo outros novos, xerando debate entre todos e facendo reseñas que colgaremos no blogue e que están accesibles para todo o alumnado. En certo modo, cremos que é necesario darlles a oportunidade de expresarse eles mesmos a partir dos seus gustos para logo ir introducindo noutras obras, partindo do seu nivel e dos seus intereses.

Tamén é interesante facer lecturas dramatizadas e que os rapaces, por grupos, escriban as súas propias obras, que logo se expoñen e len aos compañeiros. Isto mesmo pode

---

<sup>14</sup> Ver tabla de lecturas obrigatorias desta mesma programación. Páx. 92



facerse con todos os xéneros literarios: teatro, poesía, narrativa. Estas actividades, sinxelas, sen dúbida, suscitan a curiosidade dos rapaces e rapazas por ler os textos dos compañeiros e, sen que eles mesmos sexan moi conscientes e sen grandes xestas, despertan o gusto pola lectura.

Outra actividade de motivación é que os alumnos lean textos propios ou dos compañeiros, textos seleccionados por eles, etc., que se graven e logo poidan verse: en certo modo, cremos que a lectura non pode ir desvinculada da parte creativa que constitúe a escritura se pretendemos que se impliquen e gocen co proceso lector.

Ó longo do curso celebraremos unha serie de datas, vexamos algúns exemplos do que faremos nesas celebracións:

No mes de **novembro**, co gallo da celebración do día dos defuntos, traballaremos na hora de lectura o conto de tradición oral. Preguntarán na casa historias de medo relacionadas cos defuntos, a santa compañía, aparicións etc. e logo contarán esas historias ós seus compañeiros, todo isto cun ambiente “de terror” para animalos a participar, como cerrando as persianas, acendendo candeas, poñendo música misteriosa...

No mes de **xaneiro** celebraremos o día da paz. Traballaremos este aspecto por medio de textos no formato de cancións. Buscarán letras de cancións que versen sobre este tema e faremos un mural cas que mais lles gustaran. Tamén seleccionaremos textos poéticos sobre o tema e farán murais unindo imaxe e texto.

En **marzo** celebraremos o Día da poesía. Durante este mes leremos poesía na clase e iremos seleccionando aquelas que máis lles gusten. Nos días próximos ao 21 de marzo, faremos un recital cos poemas seleccionados e colgaranse en murais nos corredores do centro.

En **abril** é o día do libro así que dedicaremos este mes á promoción da lectura por parte do propio alumnado. O 23 de abril, os alumnos que queiran poderán ir por distintas aulas presentando libros que lles gustaran (sempre e cando os profesores que impartan clase nese momento estean de acordo, loxicamente).

Estes son so algúns exemplos do que faremos ó longo do curso para fomentar a lectura, e desde logo con toda a nosa dedicación para acadar non so futuros lectores, senón lectores constantes.

En canto o Proxecto Lingüístico do centro, o departamento pasará unha serie de encuestas entre o alumnado para saber cal é a súa lingua de uso. Estes estudos faranse en relación a lingua empleada coa familia (país, avós, amigos...), sabendo cal foi a que lle ensinaron seus pais, cal é a utilizada no lugar onde viven, etc. Dentro da asignatura isto servirá para ver as variedades da lingua según o contexto social, cultural e xeográfico.

Por último, só queda engadir que desde o departamento de LCL colaboraremos con todas as iniciativas propostas desde o centro ou desde outros departamentos.

En Lousame, a 10 de outubro de 2021.

Asdo.: María J. Lojo Abeijón

Xefa do departamento.